CONVOCATORIA	Convocatoria para o nomeamento dun/dunha técnico/a de comunicación, como funcionariado interino por execución do programa de carácter temporal, "Plan de actuación integrado de entidades locais-desenvolvemento urbano"
PLAZA/PUESTO	TÉCNICO/A DE COMUNICACIÓN
TIPO	SEGUNDO EXERCICIO
FECHA	13/07/2026
TEMPO DE REALIZACIÓN	1 HORA E 30 MINUTOS

ENUNCIADO

Os Plans de Actuación Integrados (en diante, PAI) son os documentos estratéxicos que recollen os proxectos de transformación urbana para ser financiados pola Unión Europea. Están aliñados cunha Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (o que se coñece como o Plan Edil) e estrutúranse en catro ámbitos: dixitalización, transición enerxética, inclusión social e patrimonio urbano.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra impulsa o PAI Val Miñor. Unha iniciativa de transformación territorial que aborda de xeito conxunto as necesidades dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán co propósito de avanzar cara a un territorio máis sostible, conectado e inclusivo. O seu enfoque integra actuacións relacionadas coa mobilidade, o medio ambiente, a cultura, os equipamentos públicos e a protección do patrimonio. Un investimento total próximo aos 10 millóns de euros (a metade, financiados pola Unión Europea a través do Plan Edil) e que ten como principais resultados esperados a mellora do transporte e conectividade entre os municipios, a rehabilitación de espazos naturais, a mellora das infraestruturas enerxéticas ou a creación dun programa conxunto de dinamización cultural.

A comunicación resulta esencial para explicar o alcance do proxecto, garantir a transparencia, facilitar a coordinación institucional e favorecer que a cidadanía comprenda e acompañe o proceso de transformación. Por iso, neste exercicio pídese que bosquexe un plan comunicación para o PAI Val Miñor entre o 1 de decembro de 2026 e o 31 de maio de 2029 identificando, alomenos:

1. Cales serían os obxectivos de comunicación? (1 punto)

2. Que orzamento destinaría ás actuacións de comunicación?. Indique a porcentaxe máxima que podería estar cofinanciada. (1 punto)

3. Como estruturaría a comunicación entre o ano 2026 e o ano 2029? Que fitos principais identificaría? (1 punto)

4. Que storytelling aplicaría? (1 punto)

5. Realizaría una páxina web? En caso afirmativo, que información debería conter a web? (1 punto)

6. Realizaría actuacións en redes sociais? En que tipo de perfís? Propios da Deputación ou alleos? (1 punto)

7. Que tipo de actuacións publicitarias desenvolvería? En que medios investiría o seu orzamento? (1 punto)

8. Que tipo de carteis informativos realizaría? Que tipo de información deberían conter? (1 punto)

9. Que actuacións de comunicación serían compatibles e cales non durante os meses de abril e maio de 2027, previos ás eleccións municipais en España, atendendo as limitacións que impón o artigo 50 da LOREG? (1 punto)

10. Con que periodicidade xustificaría as actuacións realizadas en comunicación? (1 punto)